

# Mamut

1.<sup>a</sup> edición, 1.<sup>a</sup> impresión, 2024

Título orixinal: *Mamut*

© Club Editor 1959, SLU & Eva Baltasar, 2022

Esta edición c/o SalmaiaLit, Axencia Literaria

Aira, 2024

© Follas Voadoras, SL

Praza da Torre Lombarda, 1 Baixo

32660 Allariz

contacto@airaeditorial.gal

Entra en [airaeditorial.gal](http://airaeditorial.gal) e coñece todas as vantaxes  
de subscribirte ao CLUB AIRA

Tradución do catalán: Isaac Xubín

Deseño da tapa: David Calviño

Impresión: La Imprenta CG

ISBN: 978-84-128581-6-7

DL: OU 131-2024

Esta obra recibiu unha subvención da  
Consellaría de Cultura,  
Lingua e Xuventude



**XUNTA  
DE GALICIA**

Axúdanos a manter en pé o ecosistema do libro. Se necesitas  
fotocopiar ou escanear algún fragmento deste libro, comunícate  
co Centro Español de Dereitos Reprográficos (CEDRO):  
[conlicencia.com](http://conlicencia.com).

Reservados todos os dereitos. Esta obra está protexida pola lei.

# MAMUT

EVA BALTASAR

TRADUCCIÓN:  
ISAAC XUBÍN



«Unha idea ten fame do teu corpo».

Les Murray, *Poemas subhumanos*

UN



O día que tiña que quedar preñada cumpría os vinte e catro anos, organiciei unha festa de aniversario que, en realidade, era unha festa encuberta de fecundación. Axudáronme algúns compañeiros de piso. Chamaron a amigos e coñecidos. Os amigos podían traer os seus propios coñecidos. Necesitaba xente, cantos máis mellor, necesitaba reunir unha multitude, un formigueiro onde os xestos épicos pasasen desapercibidos. Quería ser nai solteira, que nunca un pai me reclamase a súa parte. Era abril e a primavera esbouraba sobre as xanelas cunha bafarada inmensa de vida en suspensión. Aquela claridade desmesurada facíame sentir fértil, tragábaa como se traga unha medicina, cría nela, na súa función preparatoria que convertía o meu ventre nunha sorte de capela. Despois do xantar deitábame na cama do meu cuarto, apoiada nos vidros que daban ao zoolóxico, e entregábame a aquela luz que me facía a pel de ouro, os pelos do brazo espiga pura, as pernas disolutas e laxas. Masturbábame ao sol desexando para min un fillo. Durmía arrolada polos chíos das aves engaioladas e esperataba no serán, cando un silencio liso preparaba a pendiente pola que ao cabo de pouco caerían, antigas, enxordecedoras, as mágoas dos leóns.

Daquela eu traballaba na universidade, nun grupo de investigación da Facultade de Socioloxía. Demografía e Lonxevidade, chamábase. Estabamos na primeira fase da investigación, a máis extensa: recoller datos. Pasaba mañás enteiras en centros de maiores e residencias da terceira idade, entrevistando a

mostra de poboación. Era un traballo eterno que ás veces se vía interrompido por ataques de tose e vómitos de mucosidade. Case nunca conseguía que me respondesen todo o cuestionario nunha mesma entrevista e tiña que volver o día seguinte. Cando me despedía había vellos que intentaban reterme ao seu carón, termaban das miñas mans coma se puidesen zugarme días de vida, ese lento zume que alimenta os anos. En dúas ocasións, o día seguinte resultou ser demasiado tarde. Foi unha época de pequenos descubrimentos: os avós morrían de noite, pouco antes da alborada, despois de durmir. E outra cousa: nas residencias, os vellos morren de tres en tres. Era un misterio, pero era así que acontecía. Ninguén nace só pero, cando teñen que morrer, os corpos irmáanse coma nacións, coma mosqueteiros.

Os traballos de bolseiro adoitan ter soldos escasos, pero eu vivía ben. Durante a carreira fixérame amiga dunha estudante de doutorado e entre ela e dúas mozas máis alugamos un piso preto da Ciutadella. O pai dunha delas fixo de avalista. Trasladámonos todas ao mesmo tempo, o primeiro día de contrato. Entramos en silencio, como se entra nunha cripta ou como se visita unha xoiería, co sorriso incrédulo de quen descobre a magnanimidade feita paredes. Repartimos os cuartos a sortes e a min tocoume o máis pequeño. A idea era cambiar de cuartos cada medio ano, pero iso non aconteceu endexamais. Cada unha de nós afíxose ao seu espazo, cambiou os mobles de sitio, deixou caer pelos nel e mudou os seus gustos, a súa pel. O día do meu vixésimo cuarto aniversario só quedaba eu. Subarrendáballes cuartos a estudantes estranxeiros e procuraba non atoparme con eles nunca. Isto facía a convivencia aceptable. Fóra da casa parecía que me amolase todo.

O primeiro que facía cada día, antes de saír da cama, era abrir a gran fiestra e tragar o alento da mañá. Acochábame no edredón e quedaba deitada durante uns minutos. Barcelona, ao despuntar a alborada, ten algo de sacrílego. Abalánzase sobre a masa de luz aínda pálida que se orixina en mar aberto e aprópiase dela dun tirón co seu fórceps lucrativo. É o intre dos espertadores e dos estimulantes, das présas, os golpes de porta e as dores de cabeza. Unha engrenaxe inmensa cospe e arrinca, a linguaxe mantena engraxada, unha linguaxe desapaixonada e choqueira que perverte o sentido orixinario da linguaxe. Eu espreguizábame tomando consciencia daquela profanación. Despois entraba na ducha e lavaba o corpo, vestíame con roupas limpas, comía alimentos procesados. Cando saía á rúa, antes de soterrarme no metro, miraba un instante cara á montaña e imaxinábaas máis altas, máis baleiras e máis grandes. Convertíame nun animal preso que ergue os focións e queda pensativo porque uliscou os dedos dun neno e quedou coa fame dentro.

As paredes dalgúns xeriátricos desacougábanme. Visitara ducias de centros, en todos os distritos municipais. Nos barrios acomodados as residencias eran pulcraas ao xeito en que o son os museos. Un baleiro silencioso cargado de matices humanos. Aquí e acolá, nas salas e ao fondo dos corredores, reproducións de Monet, Renoir, Degas. Paredes tapizadas con teas lisas. Os vellos encaixaban coma en vitrinas. Adoítaban vestir ben, coa raia dos pantalóns no lugar que corresponde e chaquetas de xinete. Gustábanlles os panos no pescozo e os tons granates. Viviran coa cabeza alta e agora aprendían a morrer do mesmo xeito, co cabelo branco luminoso, co nariz e as orellas depiladas. A soidade roldabaos



como o fai un voitre. Eles ignorábana, sen xustificar nunca os fillos, sen tan sequera ensinar a foto do neto pequeno. Maquillaban a súa vellez con concertos de Vivaldi e suites de Bach, pero daba a impresión de que estaban mortos xa, de que o corazón estaba aceso por pura inercia. A meirande parte deles tiñan acompañantes, mulleres robustas de cabelo curto e uniformes axustados. Os vellos apoiábanse nelas coma nunha nai e sometíanas aos antollos do seu poder: enviábanas a facer mandados e teimaban en pasear en cadeira de rodas pola grava dos xardíns. Elas empurrábanos arriba e abaixo, líanlles a correspondencia, fregábanlles os pés diabéticos con aceites hidratantes. Á noite acochábanos e aparcaban as cadeiras no corredor antes de baixar ao vestíbulo, onde agardaban unhas polas outras coas batas a sobresaír dos abrigos e os bolsos de pel sintética en bandoleira. Ás veces marchaba con elas. Non calaban nin esgotadas. Faciamos xuntas o primeiro traxecto en autobús. Despois cada unha delas collía cadansúa liña de metro. A medida que nos afastabamos da residencia, os barrios volvíanse mestos. Lonxe de alí, nese límite onde a vida se mergulla na morte, as bailarinas de Degas penduradas da parede eran testemuñas mudas.

Día fértil número dous, metade da noite. No piso xa non cabía ninguén e de tanto en tanto aínda soaba o timbre. Deixei de molestarme en abrir. Á mañá fora a unha ferraxaría e mercara un pasador. Agora o meu cuarto podía pechase por dentro. Había unha semana que me masturbaba diariamente co consolador. Cando había tempo que non o empregaba, a vaxina pechábaseme coma se eu nacese home e mandase que me abrisen unha expresamente e a seguinte penetración sempre era molesta, tiña que facela con coi-

dado, enzoufando o consolador con lubricante e meténdomo moi aos poucos. E iso non podía ser, tiña que preñarme co primeiro berro. Había música, comida, bebida, cinseiros e xente, moita xente. Agochara os meus obxectos persoais no armario. A casa era un escenario, unha praza, a antesala amable dun laboratorio experimental. Comera cacahuètes, abriu botellas, ningún agasallo. Ás dúas da mañá chegou unha segunda quenda de xente. O lavabo daba pena. Era o momento. Atopeino na terraza. Achegueime, collinlle o vaso, apaguei nel o cigarro e bailamos. Pegouse a min. Estaba rematando un mestrado e era instrutor de natación. Foi dicirme e eu comezar a pensar en espermatozoides de amplas costas, magníficos a contra corrente, e deume confianza a situación. Biqueille o alento a xenebra máis dun minuto, o primeiro bico a un home. Bicaba ben, pero non me gustou, incomodábame a súa pel ben afeitada, os labios cheos, coma de muller, e o feito de que o meu propio corpo, cimbrando coma se fosen catenarias, atentase contra a miña mente abríndose ao corpo do outro sexo con tanta autonomía, tan valente. Fixen que me seguise até o cuarto, botei de alí cinco ou seis persoas e pechámonos por dentro. Pouca luz, só a que escoaba polas fendas da persiana. Bicámonos de novo. Non o podía deixar marchar, debía aferrarme ao instinto. Arremanguéi o vestido. El sacou a camiseta. Desabotoeille os vaqueiros e empurreino á cama. Daquela sacou un condón e deume unha volta o corpo. Que podía facer? Dicirlle que non era necesario? Que me gustaba máis sen condón? Púxoo cun xeito alarmante, dereito e diante de min. É difícil pensar coas rédeas do corpo guiando o pensamento pero, non sei como, cheguei a unha conclusión: debía facelo con el dúas veces, a primeira co condón e a segunda sen el. Era a única solu-

ción. De feito, era unha solución que me acoirazaba. Mi-reino un instante, é máis, admireino e, ao mesmo tempo, sentínome inverosímil, non podía ser eu. O seu pene alzábase perante min coma un báculo e viñéronme ganas de renunciar. Pero sentín que uns brazos me alzaban no mesmo intre en que o valoraba. Eu era a boneca que cae a catro patas sobre a herba antes de que alguén a foda, nada máis que por xogar con ela.

Foi longo, un fastío, un abaneo brusco até o indicible, coma unha viaxe en dilixencia ou un ataque de autismo con golpes de cabeza. Quería fuxir, quería preñarme e non estaba disposta a repetir todo o proceso desde o comezo nin unha soa vez. Cando comezaba a vestirse para marchar conseguín retelo. A música arrastrábase. El durmía. Saquei un Red Bull da mochila e bebino de tres grolos. Sentei, fumei e agardei. Durmía coma un animal suntuoso, un leopardo ou un león. Era un carnívoro, un macho fodedor, e eu asistía á súa rexeneración. Gardei o reloxo no caixón, lancei o condón na papeleira e ulín o meu propio cheiro. Toda eu era morneza de algas, cheiro a suor, auga atrapada de estanques onde fermentaban, minúsculas, milicias de ovos. Agardei até que as primeiras aves de ás mutiladas comezaron a chiar. As fendas da persiana ilumináronse de golpe, ollos de felino axexaban o cuarto. Chegara o momento. Collín o lubricante, enzoufei os dedos e metinos ben dentro. Pensaba en brea, en graxa, en aceites de mace-ración. Daquela volvíñ á cama, collínlle o pene e convencino de facelo de novo. Monteino con precaución, coma se fose moi valioso. Deixei que o corpo se me abrise moito máis que pola carne: por cada nervio, por cada enreixado mental, polo meu interior até acadar epicentros, os lícitos,

clandestinos, aqueles onde convidaba os amantes. Pouco antes de rematar fixen que se me puxese enriba. Necesitaba a horizontalidade dos hábitats ideais, orixinar a ondada, os remuíños capaces de levar a néboa seminal. Tiña enriba o animal movido polo cóo, a besta de músculos acuáticos vinda do reino máis antigo: a vida, a forza intelixente.

Ao cabo duns días veume a regra. A mancha de sangue nas bragas era un insulto. Quen pensas que es?, parecía que me desafiaba. O sangue que lava os óvulos mortos sábese ama, é a lembranza hostil do poder do corpo, sometido ao capricho dunha fame externa. Unha das inquilinas da casa atopoume sentada no chan da cociña. «Non è la fine del mondo», dixo. Quedei mirando para ela durante uns segundos, preciosa co uniforme azul mariño dunha xeadaría e aquela cabeleira violácea que lle rodeaba o pescozo e se lle introducía na blusa. Era unha muller feita de abruño, non podía vela e non desexala. Con todo, naquel intre non puideron explicarme por que razón nunca intentara mocear con ela. Quizais porque viviamos xuntas e a proximidade é un biombo lixeiro que se ergue con timidez entre dous corpos. Ou quizais porque no que atinxe ás relacións persoais, nas relacións de verdade, deixábame levar, non me atraían os grandes retos. Tiña a impresión de que non facía esforzo ningún para atoparme cos outros, máis ben deixaba que fosen eles os que se achegasen. Era coma se me educasen para satisfacer expectativas ou necesidades alleas. Era así como se educaba as mulleres? Ás veces víame a min mesma coma un roedor do sotobosque, un mamífero traballador concibido para alimentar animais máis grandes de todas as especies.